

A **Custodia**
Compartida
en **Galiza,**
Enfoque
Multidisciplinar

LUGO 22 E 29 DE OUTUBRO DE 2011

ESCOLA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

CONCLUSIÓNS

ÍNDICE

A familia e a escola na educación do neno e a nena.....	1
Celia Armesto, da Fundación Preescolar na Casa.	
Luísa Abad Abad da. Asociación Sociopedagóxica Galega.	
Lois Manoel Toirán Vázquez, mestre representante da Asociación Galega de Pais e Nais Separados.	
Nenos e nenas ante a ruptura de convivencia entre pai e nai.....	4
Francisca Fariña Rivera, <i>catedrática de Psicoloxía xurídica do menor da Universidade de Vigo.</i>	
Lourdes Deán Fernández, <i>psicóloga do Gabinete de Orientación Familiar en Lugo da Xunta de Galicia.</i>	
Interferencias nas relacións paterno e materno filiais en caso de separación e divorcio.....	8
José Manuel Aguilar, <i>doutor en Psicoloxía.</i>	
Ruptura de parella e non de familia: unha experiencia no concello de Santiago e na Universidade. Estudio en sentenzas dos efectos da Lei 15/2005 na garda e custodia	9
Ramón Arce Fernández, <i>catedrático de Psicoloxía social da Universidade de Santiago.</i>	
María Dolores Seijo Martínez, <i>profesora de Psicoloxía social da Universidade de Santiago.</i>	
Mediación intraxudicial, a avogacía e o IMELGA na mediación familiar e a custodia compartida...	
José Antonio Varela Agrelo, presidente da Audiencia Provincial de Lugo; introdución.	
Ignacio Bermúdez de Castro, avogado especialista de familia e escritor.	
José Antonio Sampaio, sección clínica do <i>Instituto de Medicina Legal de Galicia.</i>	
Experiencias prácticas (I): Familia e escola, a educación compartida, a prevención de conflitos..	
Amelia Amigo, educadora social do CDR (Centro de Desenvolvemento Rural de Ancares).	
Lois Manoel Toirán, mestre e exdirector do CEIP de Doiras en Ancares.	
Experiencias prácticas (II): equipo de mediación familiar intraxudicial do Goberno de Navarra ..	
Pilar Peña Herreros e M ^a Ángeles Aniz Sánchez do equipo de mediación Kamira	
Experiencias prácticas (III): simulación dun proceso de divorcio.....	
<i>Pablo Viño Prieto, avogado especialista en familia e asesor familiar.</i>	
Isabel Campello Ares, avogada.	
Javier Rey Ozores, fiscal-xefe da Fiscalía provincial de Lugo.	
Sandra Piñeiro Vilas, maxistrada no xulgado de instrución en Marín.	
Unha visión dende a maxistratura sobre a custodia compartida.....	
Asociación Xuíces pola Democracia: Sandra Piñeiro Vilas, maxistrada no xulgado de instrución en Marín.	
Asoc. Fco de Vitoria: <i>Jesús Sánchez Herrero, Maxistrado da Audiencia da Coruña, en Santiago.</i>	
Asociación Foro Judicial Independente: Francisco Serrano, maxistrado de Sevilla.	
A custodia compartida nas Comunidades Autónomas con dereito civil propio e a modificación do dereito civil galego.....	
<i>Mònica Oltra, avogada e portavoz da Coalició Compromís no parlamento de Valencia.</i>	
María Herrero, <i>coordinadora da ponencia da Lei de custodia compartida aprobada en Aragón.</i>	
Elena Martínez Hens, directora do departamento do dereito privado na Universidade de Vigo.	
Marta Otero, profesora de dereito civil na universidade de Santiago.	
As administracións públicas e os partidos políticos ante a custodia compartida.....	
BNG, Carlos Aymerich Cano	
PP, Jacobo Moreira Ferro	

A familia e a escola na educación do neno e a nena. -

Celia Armesto, da Fundación Preescolar na Casa.

Comeza indicando que o traballo de PNC incide precisamente en destacar e buscar a implicación da nai e especialmente do pai na educación e formación do seu fillo ou filla xa que considera que é fundamental para os seus intereses. Este papel e esta responsabilidade son compartidos con toda a sociedade.

Analizando a Convención Internacional dos dereitos dos nenos e nenas (1979), destaca que é obriga do pai e da nai levar a cabo a súa responsabilidade xa que é o un dereito do neno ou da nena. Sinala que sen a presenza dos dous é imposible levar isto a cabo. O parlamento europeo redacta no 92 a Carta dos dereitos do neno: o pai e a nai teñen unha responsabilidade conxunta cara o neno e a nena. A recomendación do comité de ministros do ano 2006 incide no exercicio da parentalidade positiva. Aquí incide no feito de que en caso de separación o neno e a nena teñen o dereito de manter o contacto cos dous e que estes seguen a ter as mesmas obrigas. Se non hai presenza é moi difícil atender as obrigas. Posteriormente fai unha recomendación, a 19 do 2006, onde fala do exercicio positivo da parentalidade pedindo aos estados medidas mesmo lexislativas para facer iso efectivo destacando ademais que ten que haber unha responsabilidade igualitaria compartida para os nenos facendo fincapé no pai tendo en conta tamén as situacións de separacións.

Considera que entre outras necesidades os vínculos afectivos son fundamentais e que non se poden dar se non hai presenza. Ten que haber contacto continuo así como a coherencia. Quen se separa é a parella non o pai e a nai do seu fillo ou filla. Se isto non se fai así ten que haber alguén para facer ver, para que axude a ver que esa coherencia é necesaria, que o neno non é unha moeda de cambio, que ten que estar por riba de todo iso.

Luísa Abad Abad da Asociación Sociopedagóxica Galega. -

Comeza destacando unha frase; Para educar a unha criatura fai falta toda a tribo. Familia e escola cambian espectacularmente. Hoxe en día hai un exceso de cousas, un 80% dos problemas veñen dados polo exceso de cousas e de actividades, pais e nais delegan en profesionais o seu papel. E así a súa visibilidade diminúe. Hai tamén unha deixación da autoridade en aras da amizade no papel de amigo do pai e da nai, un papel que non é o seu. Por outra banda na era dixital hai un menor cultura do esforzo e do sacrificio. Deste xeito hai unha falta de forza de vontade co que non hai tolerancia á frustración pola falta de exercitación e fortalecemento ante as frustracións.

Ordenadores e televisión exercen de solucionadores da vida diaria ante a falta de nai e pai.

As separacións son unha nova realidade clara. Aparece unha nova masculinidade para afrontar esta nova realidade onde ambos participan da educación e formación de fillos.

A escola tamén cambian baseándose especialmente nas novas tecnoloxías. Tamén hai fallos ao caer na tentación de dar todo moi mastigado e moi motivador en canto a que lle gusten as actividades. Ou no feito do salto cualitativo tan abrupto entre a etapa infantil e primaria e esta coa secundaria.

Paralelamente hai unha desmotivación enorme entre o profesorado pola súa perda de prestixio social e autoridade.

Cales son alicerces para esa educación entre familia e escola? 4 ámbitos ou aprendizaxes: aprender a ser, a facer, a coñecer e a convivir. Para aprender a ser na familia necesítase afectividade de calquera membro da familia a través do vínculo emocional para sentirse seguras. Así se constrúe a súa identidade persoal a través dos modelos que ve. Na escola apréndese a ser a través do grupo de traballo e de convivencia.

Apréndese a facer, investigando con tarefas para que exploren e tamén a través da experimentación.

Aprenden a coñecer especialmente na escola cos contidos curriculares e da análise da realidade, a través da adquisición das competencias. Familiarmente apréndese co coñecemento da familia e do que

aporten cada un dos seus membros. É fundamental que o neno nunca perda os vínculos coas familias extensas.

Apréndese a convivir de moitas maneiras diferentes dependendo da tipoloxía familiar aínda que co cariño e control e os seus diferentes graos de presenza así teremos tipos de familia; permisivas, autoritarias e a familia de autoridade recíproca; onde os dereitos e deberes de todo o mundo son respectados onde o cariño e a autoridade se complementan onde o diálogo e a participación son fundamentais. Isto é aplicable tamén para nenos e nenas con dous fogares.

Na escola a socialización é un dos alicerces básicos onde a resolución de conflitos a través da mediación tense demostrado igualmente eficaz como a mediación familiar.

Mídese o éxito escolar en función da forte implicación familiar dos distintos membros. De aí o programa da asociación Aprender para Educar , unha actividade onde se favorece a colaboración entre escola e familia.

Lois Manoel Toirán Vázquez, mestre representante da Asociación Galega de Pais e Nais Separados. -

Nenos e nenas aprenden en moi diferentes lugares. Aprenden a través de modelos, familiares, mestres, amigos e amigas, ... Son educados a través das emocións ao longo do traballo diario.

A familia é un sistema: é máis que a suma dos seus elementos, cada novo cambio provoca unha modificación dos papeis de todos os membros enriquecendo o sistema ()

Na escola sucede o mesmo; ademais do titor e atendendo ao currículo de primaria, aparece un aspecto fundamental favorecedor do proceso ensino-aprendizaxe: as emocións. Por outro lado pídesse a apertura da aula ao entorno, unha combinación do traballo na aula e no entorno.

A aprendizaxe amplíase coa chegada, a través dos anos, de compañeiros e compañeiras que cumpriran un papel propio nese proceso. Pais e nais teñen novas funcións como son a de colocar aos nenos en novas situacións educativas, formativas, culturais, compartilladas con outras persoas. Pero isto non se pode levar a cabo dun xeito illado, senón que toda esta educación ten que ser compartida. O termo educación compartida esgrimido polo director da escola de Maxisterio Francisco Lestegás na inauguración é o máis acaído para o tema do que estamos a falar. A co-participación ou colaboración son fundamentais.

Por que actualmente está en entredito ou cando menos hai unha certa desvalorización da escola por parte das familias? O descoñecemento mutuo, a falta de diálogo e experiencias compartidas provoca a falta de aprecio e sensibilidade. Existe un medo mutuo entre ambas institucións debido a esa carencia de comunicación. Froito disto aparece o que se podería chamar a alienación escolar onde pais e nais desvirtúan, restan valor ao papel do mestre, da mestra, ante o neno provocando novas situacións conflictivas entre alumnos e mestres.

A mediación escolar cumpre aquí un papel conciliador e como método para a resolución de conflitos. A escola de pais e nais sería un espazo común para compartir información e colaboración.

Nenos e nenas ante a ruptura de convivencia entre a nai e o pai. -

Francisca Fariña Rivera, catedrática de Psicoloxía xurídica do menor da Universidade de Vigo.

Xa antes da separación os nenos teñen sentimentos previos. Nese momento hai xa que intervir xa que os problemas xa son detectados. Nun estudo do 2009 aparece reflectido como as nais na separación obteñen a custodia nun 95% dos casos. Móstrase tamén que maioritariamente os nenos non tiñan un contacto continuo cos proxenitores. Nun 45% destes casos o outro proxenitor apenas tiña contacto co fillo. Os varóns, en ocasións por decisión persoal ou por sentenza tras a separación non están implicados na vida dos fillos o que trae consigo unhas consecuencias, para todas as persoas involucradas. Nenos e nenas necesitan a todos eles xa que cando hai custodia compartida están máis adaptados en todos os niveis: persoal, escolar, social... Os fillos de pais separados cunha custodia compartida presentan un desenrolo intelectual superior xa que a intelixencia ten un compoñente

biolóxico pero tamén é algo que se desenrola. Hai maior estimulación cando máis persoas interveñen en relación ás dúas familias extensas.

No 2010 publicouse un estudo (Amato) onde se fala das causas da separación e dos estudos que se levaron a cabo sobre as repercusións da separacións. Sinala que o divorcio a longo prazo é preferible a continuar con certos tipos de convivencia. A separación provoca dano pero a convivencia negativa tamén o fai. A separación levada de xeito positivo non ten por que provocar efectos negativos. E nesa situación temos a custodia compartida. A evidencia é clara e máis positiva que a custodia en solitario. Certos autores sinalan que se hai conflito non é o mellor xa que opinan que hai unha maior exposición do neno ao conflito. Sen embargo, os estudos sinalan que o conflito é negativo pero é aínda peor cando a custodia é unipersonal xa que se perde unha parte transcendental na vida do neno. Amato sinala que tras a separación e xa antes o fundamental é que a parella entenda que ha de esforzarse en levar a cabo o proceso do perdón. Os conceptos do esforzo, sacrificio e do perdón son fundamentais. É necesario romper eses vínculos negativos cara o outro (e a súa realidade familiar) que na psicoloxía vén dada pola relación entre cognición, emoción e conduta. É fácil seguir nun proceso de odio e sentirse vítimas cando en realidade as vítimas son outras. Recoñecendo que o maior interese é o dos fillos aseguraremos en mellores condicións para eles.

A custodia compartida é un fenómeno xa asentado en Europa, ao noso arredor e hai que pensar xa en como levalo a cabo nós mesmos e que sexa eficaz mediante a formación e a mediación intra e extraxudicial. Para que nenos e nenas gocen dese prezado benestar é necesario que o seu pai e a súa nai tamén gocen del. Estes son os garantes do seu éxito.

Lourdes Deán Fernández, psicóloga do Gabinete de Orientación Familiar en Lugo da Xunta de Galicia.

Na realidade actual na familia conflúen intereses en canto á expectativa de mellora e de ilusión. O neno e a nena van aprendendo experiencias achegadas pola familia. Son fráxiles e o seu desenvolvemento lévase a cabo a través das emocións formando a súa personalidade conxuntamente con outras influencias sociais. Polo tanto, é case imposible exercer de pai e de nai dun xeito perfecto. En casos de separación considera que a Custodia Compartida é a mellor opción cando os dous proxenitores queren seguir exercendo como pai e nai, aspecto este no que a sociedade ten evolucionado. Concorde en que esta vai ser a realidade cotiá nun espazo de tempo non moi afastado.

Indica canto máis contacto haxa entre pai e nai, fillo e filla, maior e mellor será o vínculo afectivo entre eles xa dende os primeiros momentos. Esta responsabilidade é algo que se vai aprendendo ao longo do proceso, a medida que xurdan as necesidades, xa que non é unha habilidade que apareza por xeración espontánea.

Nas rupturas conflúen factores negativos, aínda que a propia ruptura poida ser positiva. Mentres que na formación da parella os dous seguen procesos paralelos con obxectivos comúns, o ritmo na ruptura é distinto para cada un deles, ao igual que o son os obxectivos. Ten que haber unha aceptación e adaptación á realidade. Isto marcará o como se vai levar a situación. Os fillos e fillas vivirán isto dun xeito ben diferente. Perden a estrutura, a andamiaxe familiar que lles servía de apoio físico e emocional. Os efectos da separación dependerán da calidade das relacións antes e despois da separación.

As reaccións máis habituais de nenos e nenas prodúcense no primeiro ano logo da separación xa que é onde se producen os maiores cambios nas súas vidas. Tamén o é para os seus pais xa que se teñen que reorganizar. Posteriormente veñen as adaptacións aínda que se a situación extresante non se suaviza poden permanecer os problemas.

Tristura: É a reacción emocional principal. A falta dun dos proxenitores na vida diaria e a morriña da familia tal e como era antes xera fortes reaccións, non moi diferentes ás que segue a perda dun ser querido.

Coa separación os nenos van a perder en maior ou menor medida a relación cotián con un dos proxenitores, ás veces non só a cotián, senón o contacto durante semanas, meses ou mesmo

anos, o que supón maior risco de gravidade para a súa estabilidade psicolóxica. Outras perdas asociadas poden ser a referencia dos amigos, do colexio, do barrio. Moitas veces perde contacto cunha das ramas da familia. Pode non ver a tíos, avós, primos...

As manifestacións da tristeza poden ser choros, illamento, condutas agresivas e oposicionistas, hiperactividade.

Medo: Os preescolares poden presentar medo a ser abandonados polo proxenitor co que conviven, medo a que non os queira o non custodio, medo a quedar sen comida, sen casa. A expresión deses medos pode ser a través de pranto frecuente, aumento das condutas de apego, inquietude ou rexeitamento ante a separación dun dos pais ou calquera persoa coa que teña un vínculo de apego.

Hiperresponsabilidade: Algúns nenos senten ameazada a seguridade dos membros da familia, reaccionando asumindo a responsabilidade de protexer o fogar e irmáns.

Enfado: Os nenos perciben que non poden facer nada ante a separación dos pais, o que lles provoca emocións novas e desagradables. Manifestan o enfado con actitudes de desobediencia cara os pais e profesores, pelexando con outros nenos, ou non o expresan, e adoptan reaccións depresivas.

Culpa: Cren que eles son o centro do mundo e por iso a causa e fin de todo o que ocorre ao seu arredor. Moitos nenos séntense responsables da reconciliación, polo que intentan unir aos pais de novo.

Soedade: A separación levará aparelada unha menor presenza do proxenitor non custodio, e quizá tamén do custodio porque dispoñerá de menos tempo para estar cos fillos ao afrontar maior xornada laboral ou maior dedicación a tarefas do fogar, ou ambas cousas.

Regresión: Permite aos nenos evadirse dos problemas que están vivindo e situarse nunha etapa anterior máis segura e tranquila. Poden manifestarse en feitos como a falta de control dos esfínteres, enuresis, rabietas, amosarse máis dependente dos pais, ...

Problemas escolares: Diminución do rendemento académico e da adaptación ao ámbito educativo, os niveis de atención e concentración descenden,...

Problemas de sono: Son un síntoma frecuente. Os nenos soen amosar ansiedade, pesadelos frecuentes, negativa a irse á cama, insomnio e medo a durmir sós.

Problemas de alimentación: Inapetencia, comer en exceso. Tamén son frecuentes os comportamentos regresivos como negarse a comer sós cando xa o facían antes, ou negarse a comer algúns alimentos, comportamentos caprichosos como só aceptar comer se lle dá un membro determinado da familia...

Fantasia da reunificación dos pais: É frecuente que o neno teña a esperanza de que os pais volvan a vivir xuntos. **O neno tolera moi mal a falta de comunicación entre os pais** e pode presentar síntomas psicopatolóxicos co ánimo de propiciar o contacto entre eles. Tamén pode provocar situacións de conflito, posto que polo menos así se comunican.

O conflito de lealdade pode traer consigo, debido á responsabilidade que cren ter para facer felices aos seus pais, que un deles se cuestione se o outro estará actuando correctamente.

A maior ou menor gravidade destes efectos virán marcados polo seu grao de desenvolvemento cognitivo, social e emocional - conductual e os trastornos que a separación lles poidan ocasionar; fálase da intensidade e nivel dos conflitos entre os proxenitores e a prolongación no tempo do conflito, así como da idea que se formaran da separación do pai e da nai.

Na adolescencia a rabia pola incapacidade dos pais de resolver os conflitos ou a irritación e mesmo resentimento cara algún deles son os rasgos principais.

Sinalou tamén cales eran as situacións específicas de alto risco para o desenvolvemento emocional do menor. Aparecen representadas polas seguintes figuras:

-O **nenos hipermaduro** (adopta roles de maior responsabilidade), o **nenos espía** (sitúase ao neno nun conflito de lealdade, obrígaselle a mentir ou a ser reservado), o **nenos dividido** (un proxenitor nega a existencia do outro e o neno vive como en 2 mundos paralelos), o **nenos mensaxeiro**, o **nenos colchón** (intenta amortecer o conflito entre os pais), o **nenos confidente** (que é utilizado para danar a imaxe do outro ou para apoio emocional propio), o **nenos vítima do sacrificio da nai ou pai** (percibe que é unha carga para eles), o fillo aliñado cun proxenitor, a **síndrome de alienación parental**, a **síndrome da nai maliciosa** (que intenta castigar ao pai, interferir no réxime de visitas, con actos maliciosos en contra

del...), o **efecto búmerang** (pretender afastar aos fillos do outro proxenitor, pero co tempo reaccionan afastándose do instigador)

Por outra banda tamén anotou aqueles factores que aumentan o risco de xerar trastornos: **ausencia física e emocional da figura parental** que non convive habitualmente cos fillos, **conflitos entre os pais** antes e durante a separación, **perder o contacto** con familiares, amigos, profesores, as **relacións pais-fillos de pouca calidade**, **os cambios nas condicións económicas**, presenza de **psicopatoloxía nalgunha o nas dúas figuras parentais**, **actitudes vitimistas** nos pais, **dificultades de axuste emocional no neno**, no período do predivorcio, **múltiples cambios** familiares, de fogar, colexio, barrio, etc.

Sinálanse tamén aquelas actitudes parentais negativas e de risco para a saúde psicolóxica dos menores: **impedir o contacto** do neno co proxenitor non custodio, **devaluar a imaxe** do proxenitor ante os ollos do neno, **insultar e/ou criticar** ao ex-cónxuxe, **impedir** que os fillos tomen as súas propias decisións, interferindo no curso das súas vidas, **sobreprotexer** ao neno, **impedir** que o neno asuma **responsabilidades** por mágoa cara el, **compartir** co neno os sentimentos que xerou a separación (odio, rabia, agresividade), **transmitir** ao fillo **os sentimentos negativos** que se teñen cara o outro proxenitor, **considerar** que é posible **substituír ao pai/nai** cunha nova parella, obrigar ao neno a **chamar pai ou nai á nova parella**, **poñer en contra** aos fillos das novas parellas: desvalorizalas, criticalas, falar deles sen respecto e de forma descualificadora, **colocar ao fillo no papel de xuíz**, preguntándolle, quen ten a razón, papá ou mamá, **compartir detalles** da vida íntima que danan a imaxe do outro proxenitor, **cuestionar** o comportamento do ex-cónxuxe diante do fillo, **discutir** diante dos fillos, no momento do relevo sobre, por exemplo, a pensión, **facen sentir ao neno culpable** por desexar ver ao outro proxenitor, **programar actividades** para que o neno elixa entre elas e estar co pai non custodio, **poñer a proba a lealdade** do neno, **utilizar aos fillos para comunicarse entre os pais**.

Factores xerais que favorecen a adaptación psicolóxica tras o divorcio:

A adaptación á nova situación familiar soe ocorrer en pouco tempo, **sobre todos se os nenos se senten seguros e queridos e observan que os pais amosan serenidade e capacidade de afrontar as dificultades**. O axuste é mellor **cos seguintes factores de protección**:

- Manter relación continuada con ambas figuras parentais, é un factor de 1ª magnitude, respondendo ás necesidades emocionais dos fillos e fillas de xeito adecuado.
- Habilidade dos pais para negociar con éxito os problemas relacionados cos fillos.
- A capacidade de resolver e deixar ao marxe aos fillos dos conflitos nos que eles están inmersos.
- Transmitir ao fillo respecto e aceptación polo outro proxenitor.
- O/a neno/a ten que sentirse con liberdade para falar cun proxenitor do outro e co resto de familiares, mantendo as relacións previamente establecidas con avós, tíos, primos...
- Minimizar os cambios familiares na época do postdivorcio
- Posuír soportes extrafamiliares axeitados (amigos, escola,etc.).
- Axeitada situación económica e cultural do entorno familiar.
- Bo axuste emocional dos nenos na etapa previa ao divorcio.

Por último lembrou como foi a aparición dos GOF, dos Puntos de Encontro e dos Programas de Educación Familiar e cales son as funcións que teñen; entre outras a da atención a familias con conflitos como pode ser o da separación. Fixo unha análise dos tipos de intervención que levan a cabo e fixo fincapé en determinadas contradicións sociais xa que hai nais que piden que o pai se involucre e outras que piden que se afasten aínda que eles queiran exercer a súa parentalidade. Simultaneamente as realidades sociais complícanse pola diversidade, así temos nenos con 7 ou máis avós. Isto pode traer dificultades pero tamén pode ser positivo como campo de adestramento nas habilidades sociais.

Subliñan tamén problemáticas como que os avós están a responsabilizarse dos nenos debido ao traballo da nai ou do pai, a banalización das relacións materno e materno filiais, excesivos cambios de parella na que involucran aos fillos, infantilización dos pais ..., afectan á formación e saúde mental dos

fillos e fillas.

Interferencias nas relacións paterno e materno filiais en caso de separación e divorcio.-

José Manuel Aguilar, doutor en Psicoloxía.

O uso dos nenos en proceso de divorcio é evidente. Son un recurso máis para tratar de sacar un beneficio dunha determinada situación. Este feito é agravado, ao seu xuízo por un goberno (2011) que creou unha nova ideoloxía na que se trata de evitar de que tras un divorcio ambos exerzan a súa corresponsabilidade, ademais de indicar que se hai conflito non se pode levar a cabo. Se o facemos así, afirma, estamos potenciando ese conflito.

Tecnicamente a alienación parental é unha interferencia extrema (non é a única) pola que un pai ou unha nai interfere nas relacións do seu fillo ou filla co outro proxenitor. Este aspecto xa vén sendo tratado dende o ano 1986 por psiquiatras e psicólogos forenses. Tal é así que a asociación de operadores xurídicos de EEUU quixo facer un estudo lonxitudinal publicado no 91 polo que se popularizou este concepto. No 2000 introdúcese nos textos de saúde mental infantil e xeneralízase xa a partires do 2004 no estado coa publicación de distintos traballos.

Este proceso de alienación ten dúas partes. A primeira fase é a educación do fillo no odio, crear ese valor para que o exprese por si mesmo de diferentes maneiras, negándose por exemplo a relacionarse con el nos casos máis extremos. Psicoloxicamente habería que ter en conta 8 criterios para detectar se este fenómeno se está a levar a cabo.

Presenza de campaña de inxurias a través de descualificacións. Deixa de haber ambivalencias e todo o que vén dese proxenitor é "malo", non hai tonos grises nin brancos. Ese rexeite esténdese a toda a familia dese proxenitor. Isto ocorre porque a penas se castiga (aínda que cada vez máis) este tipo de actuacións.

Proceso de cosificación: o neno ve ao outro proxenitor como unha cousa. O medo que se xera cando o feito de ver a un proxenitor pode levar consigo a perda do outro é moi efectivo neste sentido negativo do proceso. A aparición do distanciamento emocional ("non quero ver a ese"), a cosificación, aumenta o desexo do utilitarismo (vou contigo se me compras a Nintendo)

Exaltación do outro proxenitor (papá perdóate e deixa que veñas comer; se non nos abandonarás...).

O neno vese inmerso nos procesos xudiciais e infórmase dos distintos asuntos mesmo policiais.

Involúcranse en cuestións que non lles deberan afectar por idade ou madurez (recibe informacións que acepta e vive das interrelacións entre adultos das familias e achegados en xeral).

Vese obrigado a ser fiel a un dos proxenitores. Ponse en cuestións as habilidades do pai ou da nai cunha finalidade concreta. Íllase ao neno do outro proxenitor para sacalo da súa vida e de aí tamén as denuncias (indica que as máis graves, as feitas por abuso sexual no ámbito dunha separación contenciosa son falsas en máis dun 80%). Conséguese así unha conduta aprendida da actitude e aseveracións do proxenitor alienante.

Ás veces tamén se impide a comunicación a través do teléfono. Ou o caso contrario: chámase moitas veces ao longo do día para dar indicacións ou ter noticias continuas do neno. Aquí as novas tecnoloxías axudan co sistema "what's up". Interfírense así as actividades diarias.

Unha nova interferencia é o interrogatorio aos fillos. Fai diferenciación entre "Ceaches? Non " e "Ceaches? Non. Pois mira que xeito de atender a un neno". Este uso da información tamén queda fixado nos nenos e nenas.

Outro exemplo de interferencia é o feito de ser moi permisivo con tal de ter ao neno ao seu lado coas consecuencias psicolóxicas que iso pode traer como o baixo nivel de frustración.

Un grupo de profesionais de 25 países presentaron os seus estudos nunha publicación (Alienación Parental DSM V e CIE 11) coa fin de que a alienación parental sexa incluída no catálogo de enfermidades mentais patrocinada pola OMS. Así mesmo o Colexio Oficial de Psicólogos de España recoñecen que hai que usar nas avaliacións psicolóxicas o SAP. O indicado vai acompañado de medidas que se levan a cabo en numerosos países sendo o último caso a lei sobre SAP do Brasil.

Como alternativas ao que está a ocorrer (fala dunhas cifras de 20.000 nenos e nenas) sinala a corresponsabilidade parental como a mellor alternativa para evitar a existencia destes danos. Por outra banda temos tamén o principio de apoio ao proxenitor máis xeneroso, que promove que o menor teña un maior contacto co outro. Preténdese con isto que ante a imposibilidade de ganancia persoal o conflito diminúa.

Ruptura de parella e non de familia: unha experiencia no concello de Santiago e na Universidade. Estudio en sentenzas dos efectos da Lei 15/2005 na garda e custodia.-

María Dolores Seijo Martínez, profesora de Psicoloxía social da Universidade de Santiago.

É necesario intervir coas familias?. É necesario e de feito así o marca a lexislación internacional que indica que é necesario este apoio para conseguir o mellor benestar do neno e da nena. Tamén o marca a lexislación estatal e mesmo galega coa recente lei de familia onde marca a mediación como xeito de resolver os conflitos por moitos "peros" que se poidan indicar. O apoio á familia coa instauración de programas considérase fundamental.

As estatísticas tamén avalan esta necesidade: hai un número considerable de disolucións da convivencia e con nenos son ao redor do 50%. Tendo en conta os números en Galiza no 2010 foron case 3000 menores afectados. É pois unha cifra anual moi importante.

O impacto que a ruptura provoca no neno, na nena é unha nova razón. Os estudos levados a cabo indican claramente cales son as consecuencias. Tamén o son os impactos para a nai, o pai, e as familias achegadas (na saúde física -asma, hipertensión, diminución da esperanza de vida...- e emocional -psicolóxicas-, relacionais, económicas...). É pois un fenómeno social moi amplo.

A finais dos 90 vían contradicións nos informes periciais que levaban a caso. Calquera dos pais e nais polos seus fillos e fillas serían capaces de calquera cousa. Logo os comportamentos non ían na mesma dirección. Se non era capaz de ver que era fundamental comunicarse coa outra persoa para poñerse de acordo. Por outro lado había disputas en relacións aos bens que antes compartían para as que utilizaban os nenos e as nenas. Era, pois, necesario facer algo ao respecto para que levaran a cabo aquilo que dicían, había que cubrir esas carencias. Observando o que se facía noutros lugares, viuse que levaban a cabo intervencións directas coas familias (sobre todo en EEUU). Fíxose unha adaptación do que se facía noutros lugares ao entorno galego. Había que aprender a separarse tendo en conta as características particulares. Isto levábase a cabo dende os propios xulgados, dende os servizos sociais e mesmo dende as universidades. Ademais en 27 estados estes programas son obrigatorios, tal e como a propia poñente demanda.

Hai dous programas complementarios: un de sensibilización, programa individual para sensibilizar a ambos ante a necesidade. Perséguese primeiro reducir os efectos negativos, buscando a comunicación e buscar o axuste á nova situación. Son 4 sesións (dependendo de cada edición en función dos usuarios/as) no que se traballa cos temas da coparentalidade, a comunicación, a mediación...

Aquí máis intervención cos pais e nais. O seguinte é máis grupal e son 16 sesións, máis longo e cun grupo de aprendizaxe de non máis de 20 persoas. O grupo de nenos atende á idade deles. Os contidos son adaptados a cada un dos grupos.

A maior parte dos participantes indican que si superaron a separación e aseguran que os programas foron de utilidade. Considera que non hai unha concienciación na sociedade cara a participación neste tipo de programas cunha especialización moi alta. Remata cun forte agradecemento ao concello de Santiago.

Ramón Arce Fernández, catedrático de Psicoloxía social da Universidade de Santiago.

Presenta o estudo en relación a sentenzas ditadas xa dende o ano 82 até 2002 e logo a partir de 2006. Un estado da cuestión moi rudimentario; o 60% das sentenzas non tiñan motivación algunha, polo que contradí a propia constitución. Dábase a custodia á nai directamente, pensión para a nai e

visitas cada 15 días para o pai. Cando daban criterios non aplicaban aqueles que facían referencia ao ben do menor e mesmo aplicábanse de maneira distinta atendendo se o custodio era home ou muller. No caso de que se lle dera ao home os motivos que se daban viñan dados pola incompetencia por parte da muller. Daquela era a nai a que recibía a custodia en máis do 90% dos casos. Hai outras anomalías en términos de razoamentos de maneira que se presentaba sempre ao proxenitor custodio con características positivas, mentres que o non custodio recibía todas as negativas.

Compara logo estas sentenzas coas emitidas a partires de 2005 coa nova lei. Había diferencias en canto á información achegada?. Vese unha diferenciación aproximadamente dun 10% falando en términos de argumentación que desglosada sería: hai máis cantidade de información (por exemplo en número de palabras), hai unha maior argumentación neutra para os obtantes para a custodia así como un incremento de argumentación en relación ao menor, pero hai cuestións que se manteñen como a información non obxectiva sen interese como as inclinacións ou prexuizados, así como as valoracións positivas cara á persoa custodia e negativas cara o non custodio.

Mediación intraxudicial, a avogacía e o IMELGA na mediación familiar e a custodia compartida...

José Antonio Varela Agrelo, presidente da Audiencia Provincial de Lugo; introdución.

A través da súa experiencia sinala a grande problemática que presentan as relacións familiares en caso de conflitos. O dereito ten que estar aí cando as partes non conseguen chegar a un acordo por moito que non chegue a satisfacer a ninguén. É un "mal" necesario no que as persoas xuíces teñen un papel que el estado lles encomenda.

Na súa experiencia ve como, nun principio, a custodia compartida era mala e os xuíces así o transmitían xa que as ciencias psicolóxicas así o indicaban. Afortunadamente indica que aquel estado de cousas mudou. A lexislación tamén polo que entende que a custodia compartida cando é posible é o máis axeitado, xa que permite que o divorcio dos pais non se transforme nun divorcio dos fillos.

Ignacio Bermúdez de Castro, avogado especialista de familia e escritor.

A normal xeral na xudicatura é a presenza dunha animadversión cara a custodia compartida, aínda que esta, ao seu xuízo, é a mellor situación que se pode dar. A CC é un dereito dos fillos, os verdadeiros beneficiados. Hai que preguntarse porque non se outorgan moitas máis custodias compartidas en España e hai que comezar polo artigo 92 do código civil; nel establécese no parágrafo 5 que se un dos pais non quere a cc esta xa non é posible. Deste xeito non se ten en conta a figura do xuíz. No 6º sinálase o intervencionismo excesivo do ministerio fiscal. Si está acertado, indica, que cando hai un proceso aberto por violencia non se poida levar a cabo pero cunha matización: é necesario que se avalíe inmediatamente que a realidade dese maltrato. De feito moitos profesionais da avogacía recomendan aos seus clientes que presenten unha denuncia falsa xa que automaticamente xa non podería existir a cc. Aquí é onde o fiscal debere intervir para incoar dilixencias por denuncias falsas. Neste papel que algunhas persoas avogadas desempeñan sinala que os colexios de avogados non van tomar medidas polo fondo corporativismo que existe.

No parágrafo oitavo indícase que excepcionalmente se poderá outorgar; na súa opinión iso e nada é o mesmo. Todo o indicado na súa opinión vulnera a Constitución no seu artigo 14, polo agravio comparativo en relación ao sexo. Tamén o 24 xa que atenda se trata dunha maneira distinta ao home que a muller.

Ao seu entender un divorcio é unha batalla que a única forma de gañar é mediante nun empate. Hai que evitar que os fillos se convertan en armas.

Indica logo en canto as lexislacións postas en marcha en Aragón e Valencia como o estado acepta a primeira e presenta un recurso para a segundo atendendo a cuestións políticas.

Sinala seguidamente que el visita aos seus clientes en A Lama e en Teixeira pero non se visita aos fillos, convívese, edúcase. De aí que a cc debere xeneralizarse. Non podería darse en caso de violencia ou de afastamento xeográfico (aínda que a lexislación prevé certos casos), pero non sería así

polo feito de ter dúas casas, un argumento que xa antes producía hilaridade por haber outras cuestións predominantes.

A situación actual dáse debido a un machismo de hai máis de 30 anos cando a muller era carente de dereitos e sen embargo, sentenzas do ano 1981 senón iguais son parecidas ás de agora. Hai unha inercia xurisprudencial ancorada noutros tempos. Non comprende que determinadas feministas se opoñan a isto aínda que só sexa por egoísmo. Critica tamén que os informes psicosociais non son vinculantes mesmo cando os dous son idóneos.

Por outra banda sinala que ademais de nenos e nenas hai centos de miles de persoas en todo o estado afectados por esta situación: pais, nais, tíos e tías, avós e avoas, etc apartados do contacto deses nenos e nenas e sen apenas posibilidade de estar con eles e elas.

Para finalizar anima a persoas xuíces, equipos psicosociais e demais profesionais a aproveitar polo de agora, estes pequenos recursos legais.

José Antonio Sampaio, sección clínica do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Logo de comentar os inicios e funcionamento do IMELGA fala dos informes que en materia de familia teñen que emitir (40% do seu traballo) e en materia penal. Sinala a súa complexidade e traballo que require xa que é necesario recabar informes doutros profesionais, familiares e mesmo educadores do centro ou mesmo pediatras. Non traballa en mediación pero si informa da posibilidade de facelo, informando ao xuíz. Sinala que o seu traballo consiste en contestar ás preguntas formuladas polos xuíces aínda que poderían achegar suxestións para determinadas cuestións susceptibles de mellorar o informe como é o caso de solicitar un servizo de mediación.

Teñen un grave problema de dar atendido ás solicitudes de informes xa que se ven desbordados.

Experiencias prácticas (I): Familia e escola, a educación compartida, a prevención de conflitos..

Amelia Amigo, educadora social do CDR (Centro de Desenvolvemento Rural de Ancares).

Lois Manoel Toirán, mestre e exdirector do CEIP de Doiras en Ancares.

Fan unha análise inicial das enormes dificultades en canto a recursos das familias nesta comarca así como cal é o papel educativo desta entidade colaboradora de Cáritas dirixido a nenos e nenas, mulleres e persoas maiores. Así mesmo fan unha descrición da realidade social de illamento, soidade e dificultade de comunicación dos Ancares.

As necesidades formativos de nenos e nenas son dunha curiosidade enormes. Fíxose unha procura de novos recursos que puideran cooperar: centros educativos, caixas de aforro, Concello, Xunta, CDR, Preescolar na Casa, Cooperativa a Carqueixa, particulares, ...

A situación xera nesta sociedade un forte desánimo e falta de motivación así como unha moi baixa autoestima. Era un factor a ten en conta.

Establecéronse actividades conxuntamente coa participación das familias no seu conxunto así como de persoas que quixeran participar. Así mesmo visitouse as aldeas e lugares aos que se tiveran acceso dándolles desta maneira valor.

Deste xeito íase rompendo a desconfianza mutuo entre familias e escola, a través precisamente deste contacto e traballo diario, fomentado dende determinadas entidades. O entusiasmo e o interese foise xeneralizando cara novas actividades. O conflito e os problemas educativos aínda que non deixaron de existir si se foron canalizando dun xeito totalmente diferente. A participación facilitaba ese proceso de procura de solucións. O conflito así supón unha oportunidade de mellora non en que se converta nun enquistado.

Hai figuras que poderían ademais ter unha función mediadora no sentido de poder achegarse aos conflitos e tratar de darlles saídas como é o caso das persoas traballadoras ou educadoras sociais, unhas figuras que ou ben escasean (educadoras) ou ben se dedican a tarefas máis ben burocráticas.

No ámbito familiar é de destacar a relevancia que supón para a formación do neno e da nena que

tanto pai e nai participan da súa formación. Son as nais xeralmente quen se achegan ao centro aínda que os pais participan tamén pero dun xeito máis discreto. Sinálase que ás veces isto é debido a que en ocasións o pai traballa por conta allea e non lle é posible achegarse ao centro por cuestións de horarios.

Resáltase tamén o feito de que para coñecer as necesidades das familias para logo tratar de dar algún tipo de resposta é necesario achegarse aos seus fogares e falar con elas: de feito así naceu o CDR.

Experiencias prácticas (II): equipo de mediación familiar intraxudicial do Goberno de Navarra .. Pilar Peña Herreros e M^a Ángeles Aniz Sánchez do equipo de mediación Kamira

Créase o servizo de mediación público hai 10 anos e cada 4 sae a concurso. O funcionamento é totalmente libre a través dun protocolo. Chéganlle usuarios a través das unidades derivantes. INAI instituto navarro para la igualdad y familia. Asígnanse os casos a cada mediador. O 98% dos casos son rupturas de parella pero o servizo é máis amplo a calquera problemática familiar. Dánselles citas até un tope de 8 sesións en 3 meses aínda que se poden ampliar. Hai logo unha recollida de datos de tipo administrativo.

As solicitudes dende o 2002 a petición de mediación vai nun aumento constante. A canle principal de coñecemento é o boca a boca. Na realidade vese que o nivel de coñecemento non é moito e está pendente de dar a coñecer.

Actualmente a función do equipo viuse modificada e agora denomínase Servizo de orientación, mediación e información familiar do Goberno de Navarra ao unirse outros servizos. Agora tamén se poden levar a cabo terapias ademais de mediación. Tamén hai un servizo de formación aos usuarios.

Na primeira sesión informativa se toman os datos e explícase o que é a mediación e metodoloxía. É un proceso voluntario. O mediador ten tamén a facultade de paralizar a mediación. Pídeselles que se paralice momentaneamente o proceso xudicial. Pídeselles tamén respecto entre todos e que colaboren. Os mediadores non lles van dar solucións senón que eles poidan chegar dun xeito activo a un acordo. Os dous estarán sempre nun plano de igualdade e sabendo que non hai violencia ou a inxestión de algún tipo de drogas, por exemplo. Vese un cambio de actitude logo destas sesións: así a confrontación transfórmase en colaboración. Como repartir o tempo e o día a día. Posteriormente o nome que se lle poña á custodia virá dado polos acordos.

Dúas avogadas, unha psicóloga e unha traballadora social forman un dos equipos sendo coincidencia que sexan todas mulleres. Precísase que teñan experiencia no campo da mediación familiar.

Por outra banda o equipo de mediación valora o feito de se se poden traer aos menores ao proceso de mediación aínda que hai unha tendencia a non traelos para evitar o conflito de lealdades.

En canto ao éxito da mediación estímase que de 163 casos hai 12 abandonos 5 casos non mediables 7 reconciliacións, 92 acordos escritos, 17 acordos verbais (temas moi puntuais), e o resto sen acordo. 43% custodia compartida e 57% custodia única. Aumentan as separacións.

Hai unha cuestión pendente que é o seguimento destes casos para saber se persisten no tempo os acordos conseguidos pero estímase que o nivel de cumprimento é bastante alto e mesmo teñen chegado a acordos posteriores.

A través do xulgado hai unha comunicación continua para derivar aqueles casos susceptibles deste servizo pero sempre se fala da conveniencia de participar neles de aí que unha alta porcentaxe non acode ou acode sen ningún ánimo de solucionar ningunha cuestión. Destacan o feito fundamental de dar a coñecer a enorme utilidade deste servizo.

Mesmo o colexio de avogados ten tamén un equipo para a mediación cando esta é intraxudicial pero novamente é un servizo voluntario.

Maniféstanse, por outra banda, dun xeito claro cando sinalan a loita ente os servizos de mediación e os avogados.

Experiencias prácticas (III): simulación dun proceso de divorcio..... *Pablo Viño Prieto, avogado especialista en familia e asesor familiar.*

Isabel Campello Ares, avogada.

Javier Rey Ozores, fiscal-xefe da Fiscalía provincial de Lugo.

Sandra Piñeiro Vilas, maxistrada no xulgado de instrución en Marín.

Fíxose unha simulación de xuízo e o expresado a continuación vén dado polas preguntas ou opinións saídas dende o público. Exprésanse pais e nais impotentes ante unha situación que consideran inxusta de afastamento dos seus fillos e que só neste tipo de actos teñen a oportunidade de dicilo en voz alta ante xuíces e fiscais.

Sinálanse cuestións como a opinión vinculante do fiscal ante a custodia compartida que só se dá nesta circunstancia, o diferente trato a homes e mulleres, a non atención ás necesidades de nenos e nenas ou tamén o feito da falta de acordo impide de facto que os pais na maioría dos casos se corresponsabilicen do coidado dos fillos e fillas. Ante isto sinálase que a xuíces e fiscais teñen que cingirse á lei e ao que permite levar a cabo.

O fiscal xefe transmite a idea de que se necesita percibir que o que se busca é responder ás necesidades do neno, non a cuestións persoais. As actitudes de cada parte transmiten moita información relevante.

Unha visión dende a maxistratura sobre a custodia compartida. -

Asociación Xuíces pola Democracia: Sandra Piñeiro Vilas, maxistrada no xulgado de instrución en Marín.

A posición desta asociación é proclive á c.c. xa que a familia ten mudado e avanzado nas súas características tradicionais. Para que a c.c. se leve adiante son necesarios varios requisitos (artigo 92 do código civil) como que se peticione por un dos pais. Logo informe favorable do fiscal e só despois de ponderar todo a decisión do xuíz (92.8 do código civil). No 154 fálase das obrigas dos proxenitores e a patria potestade. Esta patria potestade non queda afectada no caso da separación e divorcio polo que ambos teñen que decidir conxuntamente temas de relevancia aínda que o Consello de Europa indica que o proxenitor custodio si pode decidir o lugar de residencia.

Hai dous pronunciamentos importantes do Tribunal Supremo na cuestión da custodia compartida: a do 7 de xullo de 2011, relatora Encarna Roca, a custodia compartida non pode ser a raíz da lectura do código civil, unha medida excepcional senón ao contrario debería considerarse a máis normal porque permite que sexa efectivo o dereitos dos menores a relacionarse con ambos proxenitores aínda en situacións de crise. Pero o 21 de xullo de 11 o Tribunal Supremo interpretando o artigo 92 indica que a excepcionalidade que indica o inicio do parágrafo oitavo debe relacionarse co parágrafo quinto do mesmo artigo que admite a custodia compartida cando se dea o acordo entre ambos ou cando o xuíz estime que sexa en beneficio do menor.

En Galicia non se legisla nesta materia pero si noutras comunidades como en Aragón onde a c.c. fai unha presunción cara a c.c. En Catalunya non hai unha preferencia pero da lectura dos artigos 233.8.1 e 233.11 pódese inferir neste aspecto. E mentres que en Navarra déixase plena liberdade ao xuíz en Valencia o principio xeral é a custodia compartida.

Hai diferentes pronunciamentos que distinguen entre custodia compartida e a custodia individual cun réxime de visitas amplo aínda que ás veces é moi complicado a súa distinción. De igual xeito sucede coa asignación da vivenda: atendendo á xurisprudencia sempre irá en beneficio dos menores ou do custodio en peor situación económica e en todo caso o que favoreza mellor as relacións familiares.

En caso ás pensións de alimentos o feito de que haxa unha custodia compartida non ten por que supoñer que non haxa unha pensión. Estará en función da capacidade económica dos proxenitores e os tempos de convivencia.

Jesús Sánchez Herrero: Asociación de Xuíces e Maxistrados Francisco de Vitoria (comunicado).

A Asociación Francisco de Vitoria non ten ningún criterio a favor ni en contra da custodia compartida. As achegas que se fan son a título persoal.

Na actualidade coa lexislación existente non coñece casos onde o fiscal tivera producido ese informe. Precisamente por su carácter excepcional, no podería acudirse a ningún suposto de integración por analoxía. Indica así mesmo, que sería dubidoso que a regulación desta materia puidera facerse mediante normas ditadas polas Comunidades, polo que debería quedar reservada á lexislación estatal. No caso de que se regule polo Parlamento de Galiza pode traer consigo problemas de aplicación de normas en caso de matrimonios con integrantes de distinta veciñanza civil.

Por outra banda a custodia compartida admitida como pauta tería que cambiar todo o panorama á hora de formular un conflito matrimonial, pois modifica a situación de partida cara á negociación. Este cambio, en situacións de conflito entre pai e nai, pode levar a situacións practicamente insolubles.

Algúns deses ámbitos son ser os seguintes:

- A contribución dos proxenitores aos alimentos dos fillos tería que ser equivalente dende o punto de vista das necesidades dos menores. Salvo matices individuais, só cabería acudir ao criterio das posibilidades económicas de cada un para establecer diferenciacións. A pensión compensatoria non tería por que verse influenciada.
- Tamén se vería afectada a atribución del uso del domicilio ao máis necesitado, atendendo ao interese das necesidades dos menores, xa que ambos serían equivalentes. A discusión estaría en determinar cal sería ese interese máis protexible.
- Se a vivenda se outorga aos menores e o pai e a nai rotan no domicilio, habería que manter tres domicilios, o que non é rendible a efectos económicos. Tamén sería problemático verse obrigados a compartir residencia con terceiras persoas, ademais dos suscitados polo feito de vivir parte do tempo nunha vivenda que ocupa outra persoa coa que xa non te levas ben. En todo caso, non parece factible cando un dos dous convive con outra persoa, ou limitaría en caso de querer facelo.
- Se se opta porque os menores pasen a metade do tempo en cada casa, podería verse alterados o seu benestar e a súa formación, se as dúas vivendas se sitúan en lugares diferentes (frecuente en Galiza pola dispersión), ou na mesma cidade pero en barrios diferentes, ou porque teñan que manter o mesmo centro educativo co que implica de traslados. Ou tamén ter que cambiar de actividades ou amigos, ou de ter que desprazarse para cubrir eses aspectos vitais.

Se se establece como réxime habitual ten que haber un cambio de mentalidade que non pode conseguirse en pouco tempo. En consecuencia, non é conveniente regular polo lexislador este tema en demasía, senón que debe deixarse unha maior discrecionalidade ao xuíz para que poida responder ás cuestións mencionadas sen estar "encorsetado".

Asociación Foro Judicial Independente: Francisco Serrano, maxistrado de Sevilla.

Considera la custodia compartida como un dereito e unha obrigaón dos proxenitores. Cando se rompe a relación dos pais o sinalado segue a ser igualmente válido a non se que haxa un incumprimento grave desas funcións. Considera que a convivencia en canto aos nenos e nenas logo dunha separación ten que consistir nunha redistribución dos tempos atendendo a unha conciliación familiar e laboral acorde coas novas realidades sociais e laborais de home e muller. Cambiou o papel do pai procreador e provedores senón que cumpre un papel de atención e coidado en igualdade coa muller.

Se nunha situación de separación non hai acordo entón é onde aparecen os prexuízos nos que a nai convértese na máis axeitada para exercer o coidado dos nenos. E xuíces caen tamén nese prexuízo. Denuncia que neste caso utilízase este feito por parte de determinadas mulleres para conseguir un resultado xudicial concreto.

Non se trataría como erroneamente se cre de repartir sempre nun 50% o tempo de estancia cos fillos, senón que o reparto sería tamén cualitativo e en función das características de cada familia. Superaríase tamén outro prexuízo no que se valora negativamente á muller por ser concedida a c.c. Son medidas de progreso que debora ser reclamado polo propio feminismo; un acceso a unha vida laboral e social antes imposibilitada por dedicarse a muller en exclusiva ao coidado dos menores.

A lexislación actual só permite co tema da vivenda unha única solución (adxudícase ao

proxenitor que teña a custodia dos nenos) cando habería moitas outras posibilidades especialmente no caso da c.c. (nuns tempos onde o valor da hipoteca supera a do piso é inxusto que o proxenitor que saia da vivenda teña ademais que pagar un aluguer dun lugar onde vivir cando ese aluguer debiera estar dentro das cargas do matrimonio con dereito de reintegro cando se venda a vivenda). Lembrar por outra banda, que a c.c. non ten porque supoñer que non haxa unha pensión atendendo ao nivel económico de ambas partes. Solucións hai moitas e teñen que supoñer un traxe a medida e un método de previr situacións de violencia.

Valora que cada caso debe ser tomado como algo individualizado, sen prexuízos e preconceitos para tratar de buscar o mellor para ese caso individual.

A custodia compartida nas Comunidades Autónomas con dereito civil propio e a modificación do dereito civil galego.....

María Herrero, coordinadora da ponencia da Lei de custodia compartida aprobada en Aragón.

Mònica Oltra, avogada e portavoz da Coalició Compromís no parlamento de Valencia.

Elena Martínez Hens, directora do departamento do dereito privado na Universidade de Vigo.

Marta Otero, profesora de dereito civil na universidade de Santiago.

María Herrero, coordinadora da ponencia da Lei de Custodia Compartida aprobada en Aragón.

Considera máis interesante o feito de como se levou a cabo esta lei da que o PA foi o seu poñente. Un grao de area dunha revolución sen marcha atrás de 9 deputados de 67 das cortes de Aragón. O socio de goberno non compartía plenamente desta ideoloxía pero foi apoiado pola Chunta Aragonesista, abtívose o PSOE e IU votou en contra do 1º debate sobre a toma de consideración aínda que unha semana despois presenta en Navarra unha proposición de lei calcada á aprobada en Aragón. Logo houbo negociacións cunha actitude flexible sen desvirtuar o obxectivo: cambiar a realidade, e esta era que non se deran custodias compartidas sen que houbera un acordo entre pai e nai.

Hai unha cuestión que axuda entender determinados feitos: o PA está ideolóxicamente postulado no centro o que permitiu levar esta lei a cabo. A c.c. non é un asunto de dereitas ou de esquerdas pero segundo quen o presente así pode ser levada a cabo ou non. A pesares do indicado en Aragón a lei foi aprobada por 66 dos 67 deputados. Só o deputado de I.U votou en contra. Con esta amplísima maioría aprobouse o feito de que a c.c. sexa a opción preferente por parte do xuíz ou xuíza aínda que non haxa acordo entre as partes.

Estableceuse tamén un servizo de mediación familiar. O xuíz podería encamiñar a un servizo de mediación aquela parella que estivese nun proceso xudicial para tratar de chegar a un acordo.

Por outra banda en caso de c.c. o uso da vivenda sería para aquela persoa que estivera en peor situación económica. Non sendo o caso a vivenda poderíase vender. Tamén podería haber unha pensión compensatoria se fora necesario pola diferenza de nivel de vida.

Estableceuse o prazo dun ano para todas aquelas parellas separadas que quixeran revisar a súa situación poderían facelo.

Valora María Herrero que está funcionando bien xa que se están chegando a acordos en maior número xa que xa van predisposto a que ninguén "tenga el mango de la sartén".

Mònica Oltra, avogada e portavoz da Coalició Compromís no parlamento de Valencia.

A lei valenciana establece como a aragonesa unha preferencia pola custodia compartida a diferenza da catalá., descártandose como preferente a custodia monoparental que pasa a ser excepcional. A lei foi levada a cabo grazas a todo tipo de asociacións a favor da custodia compartida. Se non hai un pacto de convivencia é o xuíz ou xuíza quen decide. A vivenda non se adxudicaría ao que teña unha situación máis desfavorable no caso de que houbera outra vivenda en posesión.

A lei foi presentada en extremis debido á oposición por parte do sector máis ultraconservador dentro do PP a aprobar unha lei semellante. Compromís foi o único da oposición que o apoiou mentres que PSOE e IU opuxéronse "foribundamente" ademais cuns argumentos que considera ultraxantes. Este

indicaban se non se converterían aos nenos en maletas ambulantes ao que Mónica resposta dicindo que é logo o que fan os que van de visita á casa do pai de fin de semana. Coa custodia compartida non hai maletas xa que cada fogar ten o seu propio enxoval.

Tamén argumentaban PSOE e IU que o xuíz con esta lei non tiña liberdade de decisión por moito que a lei indique que é o xuíz quen decide. Pero ademais no estado actual das cousas onde só é posible que o xuíz adopte a c.c. só co informe favorable do fiscal iso non é un ataque á independencia xudicial?. Outro argumento baseábase no feito de que os que piden a c.c. non queren pagar a pensión. Razou Mónica que logo as nais que queren a custodia monoparental queren a pensión? Cre que ambas posicións son rexeitables.

Valora que trataron de identificar custodia compartida con violencia algo que lle preocupaba. Indica que non é o único caso onde ocorre isto. Sucede como cando se trata de identificar homosexualidade con pederestía. Soe ocorrer cos ultracatólicos. Non ten nada que ver unha cousa coa outra de feito sempre que haxa sentenza firme ou de se había sospeita fundada de maltrato aos fillos non se podería dar.

Outro razoamento que daban era o que se baseaba na desigualdade de homes e mulleres, daquela a lei non tiña en conta esa desigualdade. Cando os "oligarcas do feminismo" falan deste xeito o que fan é afondar nesa desigualdade. O paquete dos nenos, casa e pensión é un regalo envelenado xa que se lanza unha mensaxe de que os fillos é cousa das mulleres. Esta mensaxe perpetúa nesa mensaxe de desigualdade. Ademais impide a carreira profesional xa que o coidado dos nenos impide o seu desenrolo. Por outra banda se o excompañeiro no pouco tempo que está cos nenos só se dedica ao ocio non a educar pódese dar o caso de que ao cabo do tempo haxa unha petición de modificación de medidas a nai poida quedar sen casa... sen pensión.. e sen ter progresado profesionalmente. O regalo vólvese contra a muller. Como feminista considera que compartir as tarefas é un adianto para as mulleres.

Por outra banda PSOE e IU expresan a súa preocupación xa que a custodia compartida imposta prexudica aos menores. Mónica resposta que ese dogma que salientan non aparece referendado por ningún estudo. Pero aínda supoñéndoo, a custodia monoparental imposta non dana aos nenos? Non será que o que dana non é nin unha cousa nin a outra senón a mala relación entre os pais? Aínda sabendo que é moi difícil solucionar ese problema non se lle pode achacar á c.c. a razón desa falta de acordo.

O outro motivo da negativa da outra parte da oposición no parlamento valenciano está en que a c.c. non resposta ao interese superior do menor. Pregúntase Mónica Oltra se a custodia monoparental si que o defende. E en base a que? Outro novo dogma? Ao ser un feito non especificado pola lei fai que cada quen inclúa aquí a súa ideoloxía, crenza relixiosa ou prexuízos. Esta era tamén a coartada da xente que estaba e está en contra do divorcio xa que prexudicaba ao neno (aínda que se seguira xuntos puidera prexudicalo aínda máis) ou en contra das parellas homosexuais e o feito de que puideran educar a un neno. Ao igual que tamén se pode considerar que unha muller con inseminación artificial e que coide o seu fillo en solitario non é o máis beneficioso para el.

Por último valora a parte negativa da lei xa que hai aspectos non regulados como o tema dos avós ou o tema de irmáns de diferente pai ou nai. Tampouco se establece a pensión compensatoria, non se preserva a presunción de inocencia nun proceso penal aberto, nin nomea a mediación familiar a pesar do papel mollado da lei e non se indican os medios para favorecer este proceso. Fala da necesidade de aprender a falar, a negociar e isto ás veces é necesario impoñelo ao igual que no dereito laboral. O diálogo mellora cando un non ten "la sartén por el mango".

Elena Martínez Hens, directora do departamento do dereito privado na Universidade de Vigo.

Como coordinadora da Comisión da Modificación do Dereito Civil en Galiza en relación á custodia compartida fala das cuestións problemáticas que están aparecendo para a súa inclusión na lexislación galega. Considera que é fundamental a modificación do Dereito Civil Galego. A c.c. considera que é o mellor para fillos e pais aínda que destaca que non é obrigatoria como tamén o indicaron as anteriores poñentes.

Marta Otero, profesora de dereito civil na universidade de Santiago.

Fala do encaixe constitucional dunha lei sobre a custodia compartida nun estado plurilexlativo o que implica distintas regulacións: a do código civil, a aragonesa, a navarra, a catalá e a valenciana. De aí que haxan regras sobre a competencia na constitución e nos estatutos de autonomía. A principal capacidade teraa o estado sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento naqueles lugares onde exista un dereito civil ou foral propio ou mesmo dereito consuetudinario propio (costumes, feitos non escritos). Aínda así poden aparecer os chamados recursos de inconstitucionalidade cando ese desenvolvemento das leis non estea conectado cunha realidade previa (dereito consuetudinario ou dereito civil propio). Ás competencias legislativas das autonomías sinaladas habería que engadir as de Baleares, Vizcaia e Arava ou Galicia. As comunidades estableceron as súas competencias e nalgúns casos como o de Valencia (en principio non posuía esa capacidade) fixo valer a súa capacidade de coa nova versión do estatuto de autonomía. Por outra banda, Cataluña, está a desenvolver o seu propio código civil tratando de regular practicamente todo o regulable.

Esta dificultade de aclarar até onde chega unha ou outra competencia proxéctase na regulación das relacións paterno filiais ou as parellas de feito (interpretadas de maneira diferente segundo a autonomía). No 2005 modifícase o código civil para incluír a custodia compartida con erros xa que non se pode aplicar polo que as comunidades lexislaron pola súa conta; Valencia, Cataluña, Navarra e Aragón. O código civil español non permite a c.c. sen por exemplo, o informe favorable do fiscal (posteriormente este punto foi declarado inconstitucional polo Tribunal Supremo). Cataluña fala de responsabilidade parental dentro do matrimonio (no lugar de indicalo dentro da patria potestade, xa que ás veces a situación dáse fóra do matrimonio). En Aragón o dereito foral, ó código aragonés recolle normas anteriores e elabora unha nova lei. En Navarra establece tamén unha futura nova reforma integral do dereito de familia. En Valencia a súa regulación vén de ser recorrida debido a cuestións de competencia. Ademais hai outras comunidades que amosaron a súa disposición a regular estas relacións paterno filiais; País Vasco, Galicia, Murcia ou Madrid (con sorpresa estas últimas). Ao igual que sucedía co tema das parellas de feito, as denominacións son diferentes para estas relacións aínda que a regulación catalá vai máis avanzada xa que fala de responsabilidade parental términos moi próximos á patria postestade.

Destaca que no caso de violencia non sería posible a c.c. aínda que sinala a incorrecta utilización da palabra estar incurso (xa que unha testemuña tamén está incurso) confundíndoa con imputado aínda que tamén nalgunha lexislación sinala que ten que haber probas fundadas xa que en teoría a presunción de inocencia rexe todas as actuacións polo que valora que hai mellores redaccións para con este tema. Por exemplo en Cataluña esíxese sentenza firme.

Outro tema para debater é a falta de vecindade común dos proxenitores os fillos terán a vecindade na que naceran. E se son de lugares diferentes en caso de separación? E se hai indicios de violencia (Cataluña lexisla diferente a Valencia)? A mobilidade da que foi parella xera tamén problemas.

No debate aparece o tema da mediación non sentido de se debera ser obrigatoria ou non: na lexislación aragonesa non o é, na valenciana non aparece sinalada, un enorme erro a xuízo de Mónica xa que debera selo se o xuíz o considera e que se a través dun informe do mediador establece que non é posible chegar a un acordo, o xuíz novamente decidirá, imporá unha solución.

As administracións públicas e os partidos políticos ante a custodia compartida.....
BNG, Manuel Parga Núñez, PP, Jacobo Moreira Ferro voceiros nestes temas nos seus grupos.

Manuel Parga do Bloque Nacionalista Galego.

O problema que nos enfrontamos é un problema de moita complexidade como o son as relacións humanas. Fuxindo da confrontación para analizar o tema dende un punto de vista construtivo hai que ter en conta que hai moitos enfoques como o de xénero. Téñense producido avances sociais constantes e polo tanto isto é positivo en canto á corresponsabilidade das tarefas domésticas e familiares ademais doutras de tipo social como as sociais ou mesmo as políticas.

A posición do BNG parte da primacía do interese e dereito do menor a manter relación cos seus dous proxenitores e as súas familias con independencia de que pai e nai deixen de vivir xuntos. A responsabilidade parental conxunta é o que defenden e habería que fuxir do modelo monoparental imperante. Como en todos os conflitos sociais vese a ruptura de parella ha ser resolto dende o diálogo e a resolución pacífica do conflito. Se non é posible é necesaria a intervención xudicial que evidentemente ten que ser imposta.

As relacións co pai e nai teñen que ser mantidas ao longo do tempo polo que o pacto ou convenio ten que ser permanente. As relacións han ser igualitarias e democráticas. Por igualitario enténdese igualdade de dereito e deberes, é dicir, a corresponsabilidade. É necesario pactar e resolver os conflitos. Exceptuando os casos de non idoneidade para a corresponsabilidade o lóxico é que os dous proxenitores segan a facer o seu papel en igualdade, repartidos as cargas e os tempos dun xeito equitativo en función das posibilidades de cada un. Polo tanto isto non se corresponde co que sucede na actualidade onde existe un dereito de veto por unha das partes. A introdución deste sistema de corresponsabilidade ha ser, xa que logo, preferente. Destaca ao mesmo tempo o feito de que a mediación ha ser tamén imposta como requisito para intentar chegar a un acordo e a conciliación das partes.

Finalmente fala do acordo da Executiva Nacional do BNG a a favor da Custodia Compartida. Preferente así como a formulación dunha proposición de lei galega reguladora das relacións familiares.

Jacobo Moreira Ferro do Partido Popular.

O PP estamos pendente das demandas da sociedade como o é da custodia compartida. Están traballando a regulación neste eido a través ou ben da creación dunha lei reguladora ou ben coa modificación do dereito civil. Como é evidente hai que ter como referente o interese superior do menor. No senado tense aprobado xa unha moción a favor da custodia compartida por parte do PP.

Avogan polo sistema preferente da custodia compartida ante a falta de acordo entre pai e nai fomentando a mediación para conseguilo.

Houbo un punto de inflexión neste camiño que veu dado polo recursos de inconstitucionalidade da lei valenciana polo que o proceso foi parado. En todo caso valora que isto ten que lexislarse a nivel estatal ante a posible atomización da lei dependendo da comunidade. En todo caso está convencido de que a custodia compartida vai ser unha realidade.